



SOLICITUDE DE CAMBIO DE BANDA NA FGBMP

DATOS PERSOAIS

(1) Nome e apelidos _____

(1) Documento de identidade _____

(1) Data de nacemento: _____

Enderezo _____

C.P.: _____

Poboación: _____

Provincia: _____

Teléfono móbil _____

(2) Teléfono nai, pai ou titor _____

Teléfono fixo _____

(1) Enderezo electrónico _____

Fotografía recente

Obrigatoria

DATOS MUSICAIS:

Banda na que causa alta _____

Banda na que figuraba _____

(1) Especialidade instrumental _____

Director/a: _____

Observacións: _____

A persoa abaixo asinante solicita o seu cambio de banda na FGBMP, tal e como establece o artigo 12 do Regulamento do cadro das bandas de música para certames competitivos.

_____, de _____ de 200__

O/a Presidente

(2) O/a interesado/a

D./Dna.: _____

D./Dna.: _____

(1) Estes campos son de obrigada cumprimentación

(2) Se é menor asinará o pai/nai ou titor

(3) Xuntar documento de identidade do músico/director/a

Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros da FGBMP, coa finalidade de seren utilizados para as xestións da Federación relativas ao solicitante. Este poderá, en calquera momento, exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición, comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro da FGBMP.

A cumprimentar pola FGBMP

Data de recepción: _____

Número de solicitude _____

Observacións: _____

AVISO LEGAL E PRIVACIDADE

1. Obxecto e aceptación

As presentes Condicións Xerais incorporadas no presente aviso legal, regulan o uso e acceso aos contidos e servizos que a Federación Galega de Bandas de Música Populares (en diante FGBMP) con enderezo na rúa Anxeriz 3-Baixo-2 Apto. Correos 851 C.P 15895 Ames, teléfono 981 591 895 e dirección de correo electrónico fgbmp@fgbmp.org , pon a disposición dos usuarios, a través do seu portal en internet www.fgbmp.net .

A navegación polo sitio web fgbmp.net atribúe a condición de usuario do mesmo e implica a aceptación plena y sen reservas de todas e cada unha das disposicións incluídas neste Aviso Legal, que poden sufrir modificacións.

O usuario obrigase a facer un uso correcto do sitio web de conformidade coas leis, a boa fe, o orden público, os usos do tráfico e o presente aviso legal. O usuario responderá fronte a FGBMP ou fronte a terceiros, de calesquera danos e perxuros que poderán causarse como consecuencia do incumprimento de dita obrigación.

2. Condicións de acceso e utilización

O acceso ao sitio web fgbmp.net e aos seus servizos é de carácter gratuito e non conleva a obrigatorioidade de inscrición ou rexistro do usuario, esta tan só será necesaria para acceder aos contidos e servizos exclusivos que o sitio web fgbmp.net pon a disposición dos usuarios rexistrados. Así mesmo, as presentes condicións referanse cando un usuario se rexistra no sitio web a través do formulario que existe ao efecto para a súa aceptación expresa, mediante un clic de "Leo e acepto as condicións de uso e privacidade do sitio web". Non é tecnicamente posible que o usuario poida finalizar o rexistro como usuario en www.fgbmp.net sen que se leve a cabo a aceptación das presentes Condicións Xerais.

A FGBMP resérvase a facultade de efectuar, en calquera momento e sen necesidade de previo aviso, modificacións e actualizacións da información contida no seu sitio web, da configuración e presentación desta e do aviso legal.

O Usuario garante a autenticidade e actualidade de todos aqueles datos que comunique á FGBMP e será o único responsable das manifestacións falsas ou inexactas que realice.

O Usuario comprométese expresamente a facer un uso adecuado dos contidos e servizos de fgbmp.net e a non empregalos para:

1. Difundir contidos, delictivos, violentos, pornográficos, racistas, xenófobos, ofensivos, de apoloxía do terrorismo ou, en xeral, contrarios á lei ou á orde pública.
2. Introducir na rede virus informáticos ou realizar actuacións susceptibles de alterar, estropear, interromper ou xerar erros ou danos nos documentos electrónicos, datos ou sistemas físicos e lóxicos da FGBMP ou de terceiras persoas; así como obstaculizar o acceso doutros Usuarios ao sitio web e aos seus servizos mediante o consumo masivo dos recursos informáticos a través dos cales a FGBMP presta os seus servizos.
3. Intentar acceder ás contas de correo electrónico doutros usuarios ou a áreas restrinxidas dos sistemas informáticos da FGBMP ou de terceiros e, no seu caso, extraer información.
4. Vulnerar os dereitos de propiedade intelectual ou industrial, así como violar a confidencialidade da información da FGNMP ou de terceiros.
5. Suplantar a identidade doutro Usuario, das administracións públicas ou dun terceiro.
6. Reproducir, copiar, distribuír, poñer a disposición ou de calquera outra forma comunicar publicamente, transformar ou modificar os contidos, a menos que se conte coa autorización do titular dos correspondentes dereitos ou iso resulte legalmente permitido.
7. Recabar datos con finalidade publicitaria e de remitir publicidade de calquera clase e comunicacións con fins de venda ou outras de natureza comercial sen que medie a súa previa solicitude ou consentimento.
8. Todos os contidos do sitio web, como textos, fotografías, gráficos, imaxes, iconas, tecnoloxía, software, así como o seu deseño gráfico e códigos fonte, constitúen unha obra cuxa propiedade pertence a FGNMP sen que poidan entenderse cedidos ao Usuario ningún dos dereitos de explotación sobre os mesmos máis aló do estritamente necesario para o correcto uso da web.

En definitiva, os usuarios que accedan a este sitio web poden visualizar os contidos e efectuar, no seu caso, copias privadas autorizadas sempre que os elementos reproducidos non sexan cedidos posteriormente a terceiros, nin se instalen a servidores conectados a redes, nin sexan obxecto de ningún tipo de explotación.

Así mesmo, todas as marcas, nomes comerciais ou signos distintivos de calquera clase que aparecen no sitio web son propiedade do FGNMP, sen que poida entenderse que o uso ou acceso ao mesmo atribúa ao Usuario dereito algún sobre os mesmos.

A distribución, modificación, cesión ou comunicación pública dos contidos e calquera outro acto que non sexa expresamente autorizado polo titular dos dereitos de explotación quedan prohibidos.

O establecemento dun hiperligazón non implica en ningún caso a existencia de relacións entre a FGNMP e o propietario do sitio web na que se estableza, nin a aceptación e aprobación por parte da FGNMP dos seus contidos ou servizos. Aquelas persoas que se propoñan establecer un hiperligazón previamente deberán solicitar autorización por escrito á FGNMP. En todo caso, a hiperligazón unicamente permitirá o acceso á home-page ou páxina de inicio do noso sitio web, así mesmo deberá absterse de realizar manifestacións ou indicacións falsas, inexactas ou incorrectas sobre o FGNMP ou incluír contidos ilícitos, contrarios aos bos costumes e á orde pública.

3. Exclusión de garantías e de responsabilidade

A FGNMP non será responsable dos erros, atraso no acceso, atraso no sistema ou calquera anomalía que poida xurdir en relación con problemas de carácter xeral na rede internet, causas de caso fortuito ou forza maior ou calquera outra contingencia totalmente imprevisible e polo tanto, avosa a boa fe. A FGNMP comprométese a tratar de solucionar estas incidencias poñendo tódolos medios ao seu alcance e ofrecendo todo o apoio necesario ao usuario para solventar as incidencias da forma máis rápida e satisfactoria posible. Así mesmo a FGNMP non se fará responsable dos fallos que por estas causas se poidan producir nas comunicacións, borrado ou transicións incompletas de maneira que non garante que o sitio web este en todo momento operativo cando se deba a cuestións non imputables á FGNMP ou que esta non poida resolver cos medios que estean ó seu alcance, con excepción de todas aquelas actuacións que resulten da aplicación das disposicións legais a que deba someterse no estrito exercicio das súas competencias.

O usuario está obrigado a facer un bo uso do servizo e polo tanto a non utilizalo de mala fe para calquera práctica que este prohibida pola lei. A FGNMP facultada por medio do presente aviso legal, a partir do momento no que teña coñecemento evidente da realización por parte do usuario de calquera actuación ou uso ilegal en xeral, a poñer en coñecemento das autoridades competentes estas circunstancias e restrinxirle o acceso ao usuario aos contidos restrinxidos do sitio web. O usuario será o único responsable fronte a calquera reclamación ou acción legal, xudicial ou extraxudicial iniciada por terceiros prexudicados directamente polo usuario ante xulgados ou outros organismos, asumindo este tódolos gastos, custos e indemnizacións que, no seu caso, poida asumir a FGNMP se a reclamación é dirixida contra esta. Así mesmo, a FGNMP colaborará e notificará á autoridade competente estas incidencias no momento en que teña coñecemento evidente de que os danos ocasionados constitúan calquera tipo de actividade ilícita, especialmente no ámbito de contidos introducidos polo usuario que poidan vulnerar dereitos ou intereses lexítimos da FGNMP ou de terceiros.

O usuario será responsable da seguridade e confidencialidade das claves coas que accede a súa área privada que accede a súa área privada que accede a súa área privada como usuario debendo gardalas en lugar seguro co fin de impedir o acceso a terceiros non autorizados. O acceso a este sitio web e o uso que poida facerse da información contida no mesmo é da única e exclusiva responsabilidade do usuario. A FGNMP non responderá de ningunha consecuencia, dano ou prexuízo que puideran derivarse de dito acceso ou uso da información. A FGNMP non se fai responsable dos posibles erros de seguridade que se poidan producir nin dos posibles danos que se poidan causar ao sistema informático do usuario (hardware e software), os ficheiros ou documentos almacenados no mesmo, como consecuencia da presenza de virus no ordenador do usuario utilizado para a conexión aos servizos e contidos da web, dun mal funcionamento do navegador ou do uso de versións non actualizadas do mesmo.

O usuario responsabilizarase de realizar todas as actuacións que lle sexan requiridas coa dilixencia debida. Con carácter especial, o usuario debe ser dilixente no que se refire á actualización e veracidade dos seus datos persoais, fundamentalmente do correo electrónico sinalado no formulario de rexistro de usuario como vía principal de contacto coa FGNMP .

A FGNMP non se responsabiliza das contestacións que se realicen a través dos distintos enderezos de correo electrónico que aparecen nestas páxinas. A información obtida a través das contas de correo contidas nestas páxinas ten carácter feramente informativo, sen que en ningún caso poida derivar dela ningún efecto xurídico vinculante.

4. Política de privacidade

Os datos recabados a través do formulario de rexistro no sitio web serán incorporados a un ficheiro automatizado de datos de carácter persoal do cal é responsable a FGNMP . Esta entidade tratará os datos de forma confidencial e exclusivamente coa finalidade de ofrecer os servizos solicitados, con todas as garantías legais e de seguridade que impón a Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e a Lei 34/2002, de 11 de xullo, de Servizos da Sociedade da Información e Comercio Electrónico.

A FGNMP recolle determinados datos persoais que son introducidos polo usuario libremente no formulario coa finalidade de poder acceder os servizos personalizados que a FGNMP pon a disposición do usuario, así como contestar e identificar as peticións realizadas por este. Os campos nos que figure un asterisco(*) son aqueles que requiren unha resposta obrigatoria. De non ser cubertos a consecuencia consiste na imposibilidade de prestar o servizo que se pretende contratar ou a imposibilidade de enviar a solicitude de información. A FGNMP informa que xestionará automaticamente estes datos para a administración, ampliación e mellora dos seus servizos. En todo caso, os datos recollidos e trasladados son unicamente os básicos para as finalidades sinaladas anteriormente.

A FGNMP comprométese a non ceder, vender, nin compartir os datos con terceiros sen a súa aprobación expresa. Así mesmo, a FGNMP cancelará ou rectificará os datos cando resulten inexactos, incompletos ou deixen de ser necesarios ou pertinentes para a súa finalidade, de conformidade co previsto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

O Usuario poderá revocar o consentimento prestado e exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose para ese efecto á dirección social do Consello, identificándose debidamente e indicando de forma visible o concreto dereito que se exerce.

A FGNMP adopta os niveis de seguridade correspondentes requiridos polo Regulamento de Medidas de Seguridade aprobado polo Real Decreto 994/1999 de 6 de xuño. No entanto, a FGNMP non asume ningunha responsabilidade polos danos e prexuízos derivados de alteracións que terceiros poden causar nos sistemas informáticos, documentos electrónicos ou ficheiros do usuario.

A FGNMP poderá utilizar cookies durante a prestación de servizos do sitio web. As cookies son ficheiros físicos de información persoal aloxados no propio terminal do usuario. O usuario ten a posibilidade de configurar o seu programa navegador de maneira que se impida a creación de arquivos cookie ou se advirta da mesma.

Se opta a abandonar o noso sitio web a través de enlaces a sitios web non pertencentes á nosa entidade, a FGNMP non se fará responsable das políticas de privacidade de devanditos sitios web nin das cookies que estes poidan almacenar no ordenador do usuario.

A nosa política con respecto ao correo electrónico céntrase en remitir unicamente comunicacións que vostede solicite recibir. Se prefire non recibir estas mensaxes por correo electrónico ofrecerémoslle a través dos mesmos a posibilidade de exercer o seu dereito de cancelación e renuncia á recepción destas mensaxes, en conformidade co disposto no TITULO III, Art. 22 da Lei 34/2002 de Servizos para a Sociedade da Información e de Comercio Electrónico (LSSICE).

5. Procedemento en caso de realización de actividades de carácter ilícito

No caso de que calquera Usuario ou un terceiro considere que existen feitos ou circunstancias que revelen o carácter ilícito da utilización de calquera contido e/ou da realización de calquera actividade nas páxinas web incluídas ou accesibles a través do sitio web, deberá enviar unha notificación á FGNMP identificándose debidamente, especificando as supostas infraccións e declarando expresamente e baixo a súa responsabilidade que a información proporcionada na notificación é exacta.

6. Publicacións

A información administrativa facilitada a través do sitio web non substitúe a publicidade legal das leis, normativas, plans, disposicións xerais e actos que teñan que ser publicados formalmente aos diarios oficiais das administracións públicas, que constitúen o único instrumento que dá fe da súa autenticidade e contido. A información dispoñible neste sitio web debe entenderse como unha guía sen propósito de validez legal.

7. Comunicacións

Os usuarios e a FGNMP acordan comunicarse e notificarse tódalas incidencias que se produzan no servizo, preferentemente e previa a calquera outra vía de comunicación, mediante correo electrónico. O correo da FGNMP para estas comunicacións será fgbmp@fgbmp.org e o do usuario será o facilitado no formulario de rexistro. O usuario comprométese a ter operativo este correo electrónico e a modificalo dende a súa área privada se fose necesario para continuar recibindo as comunicacións. En todo caso, se sucede calquera problema urxente ou fallo na anterior comunicación, as comunicacións realizaranse mediante teléfono, fax, correo postal ou calquera outro medio adecuado ao fin que se persiga. Sen embargo, a vía de comunicación preferente é a do correo electrónico, quedando exenta a FGNMP de todo tipo de responsabilidade que se poida derivar pola falta de consulta ou erro no correo electrónico facilitado polo usuario. Cada unha das partes será responsable da garda e custodia das copias das comunicacións que se realizan.

8. Dereitos de propiedade intelectual

Os dereitos de propiedade intelectual do sitio web fgbmp.net, o seu deseño, estrutura de navegación, ordenación e presentación, bases de datos, código fonte e programación, texto, gráficos, logotipos, imaxes, e os distintos elementos nel contidos son titularidade da FGNMP, a quen lle corresponde o exercicio exclusivo dos dereitos de explotación dos mesmos en calquera forma e, en especial, os dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación.

A lexitimidade dos dereitos de propiedade intelectual ou industrial correspondentes aos contidos aportados por terceiros é da exclusiva responsabilidade dos mesmos.

Respecto ás citas de produtos e servizos de terceiros que, no seu caso poidan aparecer, a FGNMP reconece a favor dos seus titulares os correspondentes dereitos de propiedade industrial e intelectual.

A utilización non autorizada da información contida no sitio web, a súa revenda, así como a lesión dos dereitos de Propiedade Intelectual ou Industrial que poidan corresponder a FGNMP dará lugar ás responsabilidades legalmente establecidas.

9. Recomendacións de acceso

Procurase que a presentación de todos os contidos e funcións esenciais da web sexan independente dos dispositivos físicos e dos navegadores web empregados para tal fin, codificados con estándares técnicos de uso libre e gratuito, e accesible para navegadores adaptados a persoas con minusvalas ou limitacións sensoriais, motoras ou cognitivas.

Recoméndase empregar navegadores de versión recente tales como Netscape Navigator, Mozilla e derivados (Firefox), Opera, Internet Explorer, Safari, etc.

En equipos de sobremesa de uso común recoméndase o uso de resolucións de pantalla comprendidas entre 1024 x 768 píxels e 1280 x 1024 píxels.

10. Xurisdición e li aplicable

As presentes Condicións Xerais réxense pola lexislación española. Especificamente están suxeitas ao disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de Decembro, sobre Protección de Datos de Carácter Persoal; a Lei 7/1996, de 15 de xaneiro de Ordenación do Comercio Minorista e a Lei 34/2002 de 11 de xullo, de Servizos da Sociedade da Información e do Comercio Electrónico.

Todas aquelas cuestións que puideran suscitarse con motivo da interpretación, execución ou eventual incumprimento das presentes Condicións Xerais, os usuarios e a FGNMP e intervinentes, con renuncia expresa ó seu foro propio, e con independencia do lugar onde se suscite calquera disputa entre os mesmos, sométese expresamente á xurisdición dos Xulgados e Tribunais de Santiago de Compostela.

11. Varios

En caso de que calquera cláusula do presente documento sexa declarada nula, as demais cláusulas seguirán viventes e se interpretaran tendo en conta a vontade das partes e a finalidade mesma das presentes condicións. O presente documento realízase unicamente en galego.